



## AQUELA LUZ

Texto: XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR - Foto: Xan G. Muras

A visitación das margaridas lévame necesariamente á memoria da Linda, da Toura, da Galleira e da Castaña, as catro vacas labradoras da Casa de Vila de Quian, a miña tribo. Alzadas sobre os cascós, convocaban os primeiros insectos e as labandeiras para cadrar en harmonía sobre os pastos da Gavia e da Devesa. É a imaxe do retorno, que desde a cerna das nosas biografías é tamén fundamento para o balance. Aló vou sempre, aínda cando me deteñen as luces do semáforo e alzo os ollos cara á nobleza arquitectónica das vellas Vigo, Pontevedra, Compostela, Lugo, Mondoñedo, Tui, A Coruña, Ourense... Tamén aquí as margaridas do asfalto a levitar o sexo (ese instinto irremediable). E pasan solermiñas pola banda do solsticio, coma as aves dos pradairos, cabo do mar. Eis o encontro coa estación da Luz máis obxectiva, a que tragamos e nos traga no balcón da chaira ou do areal, no gume das pedras solares, onde o tempo vive e se pronuncia en horas de tarde, solpor, abreinte, parva, xantar, descanso... porque a noite é breve e apenas dá para o amor.

Neste punto acordo e vexo as cacharelas de Santalla de Moar, nas terras dos paxaros e das lebres que chaman Frades e A Ponte Carreira, por onde o Tambre

muda de andadura. Aquí vivín, vai para trinta anos, a primeira luzada comunal do canto, da mística, da maxia da Noite do vintetrés de xuño. O lume denso e a música das voces e as ferreñas, os birimbaos, a danza, o viño. o pan. E eu toliño de amores por aquela rapaza que se foi co vento e quixen ollar, sentila logo na frescura e no arrecendo das herbas luísa e tromentelo, serenísimas no meu cuarto de ritos da fortuna. E nunca foi.

Nesta angueira cenital recordo as mallas nas eiras enlousadas dos ricos, nas embostadas dos pobres. Nenos a desfacer as medas, monllos abaixo e papar figos e pó namentras a malladora mecánica ladraba chaf chaf chaf, inacabable, e o cilindro homm hoommm hoommm a remoer as espigas e cuspir o gran e a palla quentes para a tullas e os ferrados do señor.

E despois todas as festas: Indalecio, o fogueteiro louco que subía ao ceo; Abelardo, o esmolante da precisión e do cálculo; Clemente e Sidorio, os músicos excelsos que namoraban ao vento das carballas; as rosquilleiras; as rodas de arder na meia noite; o amor...e, príncipes paganos, a rebulir nos ollos e nas bocas da con-vencida inocencia, paseniño e cara adentro, na conquista máis fermosa do teu meu, furiosamente nós.

